

PROBAS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU) CURSO 2023/24

- É obrigatoria para o alumnado que queira acceder a estudos universitarios oficiais de grao (Universidades públicas e privadas).
- É necesario ter o título de Bacharelato.
- **A proba de cada materia terá unha duración de 90 minutos, cun descanso entre elas de 30 minutos.** Poderase empregar, a escollo do alumno/a, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os exercicios de Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II, 1ª e 2ª Lingua Estranxeira deberán realizarse nos seus idiomas.
- Cada materia cualificarase de 0 a 10 con dúas cifras decimais.

2 PARTES

OBRIGATORIA – 5 exames (4 no caso de exención de LG)

VOLUNTARIA – de 0 a 4 exames

Parte obrigatoria da ABAU

Materias xerais do bloque de materias troncais

- Historia de España ou Historia da Filosofía
- Lingua Castelá e Literatura II
- Primeira Lingua Estranxeira II
- Lingua Galega e Literatura II (excepto aqueles que teñan EXENCIÓN)

Materias xerais do bloque de materias troncais segundo a modalidade

Artes		Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e Ciencias Sociais	Xeral
A. Plásticas, Imaxe e Deseño	Música e Artes Escénicas			
Debuxo Artístico II	Análise Musical II ou Artes Escénicas II	Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Ciencias Xerais

CUALIFICACIÓN:

- **PARTE OBRIGATORIA:**

- Media aritmética dos cualificacións numéricas de cada materia. Esta media estará expresada con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima.
- **Esta cualificación deberá ser igual ou superior a 4 puntos para aprobar a primeira parte.**
- **Ten unha validez indefinida.** Os estudantes poderán presentarse á parte obrigatoria en sucesivas convocatorias para mellorar a súa cualificación; neste caso deberán examinarse da totalidade das materias que configuran a Parte Obrigatoria da ABAU. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que sexa superior á anterior.

- **SUPERACIÓN DA PROBA:**

- Cálculo da media ponderada = $0,6 * NMB + 0,4 * NMPO$
- **APROBADO sempre que a MEDIA PONDERADA ≥ 5**
- Cada unha das materias das cales se examine o alumnado con carácter voluntario para mellorar a súa nota de admisión sumará á nota xeral sempre que

Parte voluntaria da ABAU (máximo de 4 materias)

Materia común (a non elexida na parte obrigatoria)	Materias da modalidade obrigatoria (agás a realizada na parte obrigatoria) e de opción (cursadas ou non cursadas)	Materia optativa (cursada ou non cursada)
<ul style="list-style-type: none"> • Historia de España • Historia da Filosofía 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise Musical II • Artes Escénicas II • Bioloxía • Ciencias Xerais • Coro e Técnica Vocal II • Debuxo Artístico Ii • Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II • Debuxo Técnico II • Deseño • Empresa e Deseño de Modelos de Negocio • Física • Fundamentos Artísticos • Grego II 	<ul style="list-style-type: none"> • Historia da Arte • Historia da Música e da Danza • Latín II • Literatura Dramática • Matemáticas II • Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II • Movements Culturais e Artísticos • Química • Tecnoloxía e Enxeñaría II • Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica • Xeografía • Xeoloxía e Ciencias Ambientais
		<ul style="list-style-type: none"> • Segunda Lingua Estranxeira II

CUALIFICACIÓNS:

- **PARTE VOLUNTARIA:**

- **Considerarase superada a materia sempre que teña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.**
- Para a mellora da nota de admisión terase tamén en consideración a cualificación obtida na fase obrigatoria na materia xeral específica de cada modalidade do bloque das materias troncais (Matemáticas II, Latín II ou Mat. CCSS II) sempre e cando a cualificación acadada na materia correspondente sexa igual ou superior a 5 puntos.
- **Terán unha validez de dous anos.** Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación de calquera das materias. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que sexa superior á anterior.

NOTA FINAL DE ADMISIÓN:

- **CÁLCULO DA NOTA FINAL DE ADMISIÓN = $0,6 * NMB + 0,4 * NMPO + a * M1 + b * M2$**
 - **NMB** = nota media do bacharelato.
 - **NMPO** = nota media parte obrigatoria.
 - **M1, M2** = as dúas cualificacións das materias aprobadas da parte voluntaria e da xeral específica de cada modalidade da parte obrigatoria que máis contribúan (unha vez aplicados os parámetros de ponderación) e que estean adscritas á rama de coñecemento do Grao que se queira cursar.
 - **a, b** = parámetros de ponderación (0,1 ou 0,2) das materias M1 e M2, que dependen de cada universidade (os parámetros de acceso para cada Grao en Galicia son os mesmos para as tres Universidades). En dobres graos, teranse en conta dúas materias coma máximo de calquera deles que máis contribúan a mellorar a nota. •
- **A cualificación máxima posible é de 14 puntos.**
- A única condición para acceder a un grao é a de **igualar ou superar a súa nota de corte** sen importar a modalidade de 2º pola que se accedeu

ENLACES :

[CiUG](#)

[Táboa de ponderacións no Sistema Universitario Galego para o curso 2024/25](#)

[Notas de corte dos graos nas Universidades de Galicia no curso 2023/24](#)

[Estudos oficiais nas universidades españolas \(MEC\)](#)

[Estudos universitarios en España, do portal Universia](#)

[Táboa de ponderacións das materias específicas nas universidades españolas](#)

[Ciclos Formativos de Formación Profesional \(Galicia\)](#)